



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



ACADEMIA
GALEGA
DE SEGURIDADE
PÚBLICA



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA E
CSI•F-GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN,
DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN.**

Na Estrada, 31 de agosto de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Alfonso Rueda Valenzuela**, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia e do artigo 8 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública.

Doutra, **D. José Francisco Méndez Castro**, Presidente da CENTRAL SINDICAL INDEPENDENTE E DE FUNCIONARIOS DE GALICIA (en adiante CSI•F-Galicia), nomeado no VII Congreso Autonómico celebrado en Santiago de Compostela, o 21 de outubro de 2015, actuando en nome e representación da CSI•F-Galicia, en virtude das facultades que lle confiren os artigos 27 e 28 do Regulamento da CSI•F-Galicia que foron aprobados no Consello Autonómico celebrado en Santiago de Compostela o 17 de setembro de 2009.

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o presente **Convenio de Colaboración**, e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Academia Galega de Seguridade Pública, é un organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á consellería competente en materia de interior e xustiza, que goza de personalidade xurídica propia, autonomía funcional e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.





SEGUNDO.- Que a Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da AGASP, establece que entre outros fins, a AGASP ten encomendada a función de formación no ámbito policial para a formación das distintas escalas dos corpos da policía de Galicia e das policía locais, así como a súa formación continua, perfeccionamento e especialización, e tamén a formación da protección civil, bombeiros e axentes forestais. Por outra banda, promover as relacións de intercambio e colaboración coas universidades e institucións de Galicia, así como con outros centros docentes e investigadores de ámbito autonómico, estatal ou internacional.

TERCEIRO.- Que a CSI-F-Galicia é, de conformidade co artigo. 1 do seu Regulamento, unha Central Sindical constituída de acordo coas leis vixentes e con plena capacidade de obrar, establecéndose no artigo. 4 do Regulamento entre outros fins da CSI-F-Galicia promover a formación no ámbito profesional e sindical mediante cursos, seminarios, xornadas e outras actividades.

CUARTO.- Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo, divulgador e investigador a través do presente Convenio.

En virtude do exposto e recoñecendo ambas as dúas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto deste convenio entre a AGASP e CSI-F-Galicia, é a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes do mesmo; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizacionais de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas as dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.





O ámbito de colaboración AGASP-CSI-F que no futuro puidese existir en materia de formación xudicial e penitenciaria establecerase no seu caso mediante ADDENDA ao presente convenio e en todo caso estará condicionada ás oportunas autorizacións previas do Consello Xeral do Poder Xudicial e os ministerios competentes en materia de xustiza e interior e co alcance que nas devanditas autorizacións puidésense determinar.


SEGUNDA.- Actuacións.

A AGASP e CSI-F-Galicia, en virtude do disposto neste convenio, poderán colaborar en actividades relacionadas coa realización de formación, divulgación e investigación no ámbito das súas competencias.

As modalidades de colaboración poderán consistir en:

1. Realización conxunta de cursos, xornadas, seminarios e outras actividades de divulgación.
2. Edición conxunta de libros, outras publicacións e documentos de traballo. Ambas as dúas institucións comprométense a remitir un exemplar das súas publicacións periódicas á Biblioteca da outra, para a súa difusión.
3. Promover a actividade investigadora de ambas as dúas institucións mediante proxectos de investigación conxuntos.
4. Cantas outras sexan consideradas de interese común, dentro da competencia e dispoñibilidade das partes, en relación á actividade obxecto deste Convenio.

TERCEIRA.- Requisitos e documentación que está obrigada a achegar a C-SIF.

- 
1. De acordo co establecido no decreto 59/2012, do 19 de xaneiro polo que se establecen as condicións e o procedemento para a homologación pola AGASP de cursos impartidos por outras entidades (DOG 07.02.2012), a C-SIF deberá solicitar a homologación dos cursos que impartan, sempre que estes reúnan os seguintes requisitos:





- a) O contido do curso deberá estar relacionado coas actividades formativas que imparta a Agasp.
- b) Os cursos terán unha duración igual ou superior ás 20 horas lectivas.
- c) O persoal docente contará cunha formación acreditada para impartir os contidos específicos do curso.
- d) O curso, deberá sempre contar cunha proba ou sistema de avaliación final para determinar a aptitude do alumnado, sen que se poidan homologar cursos en que só se valore a asistencia.
- e) Nos criterios de selección dos participantes deberán respectarse os principios de igualdade, mérito e capacidade.
- f) Para a súa realización deberá contarse coas aulas e demais equipamento necesario. En todo caso, as instalacións deberán cumprir coas condicións hixiénicas, acústicas, de habitabilidade e de seguridade esixidas pola lexislación aplicable aos centros de formación.

2. O procedemento iniciarase mediante solicitude, dirixida á Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, e acompañada da seguinte documentación:

- a) Memoria xeral, que como mínimo deberá comprender:
 - Identificación da entidade solicitante.
 - Ámbito territorial da súa actuación.
 - Descrición dos medios técnicos, materiais, didácticos e instrumentais que se van utilizar no curso.
 - Localización e características do lugar onde se vai a impartir o curso.
- b) Memoria específica do curso que xustifique o seu interese para os membros do sistema integral de protección civil e emerxencias de Galicia, coa seguinte documentación:





– Denominación, obxectivos, destinatarios, publicidade, programa, contidos do curso e material que se entregará aos/as alumnos/nas.

– Sistema de avaliación que se van utilizar.

– Número de horas lectivas, lugar, horario e datas de realización.

En caso de realizarse na modalidade de teleformación, achegarán un usuario e clave de acceso ao curso.

– Currículo do profesorado.

c) Xustificante do aboamento da taxa correspondente.

3. A solicitude presentase, como mínimo, con dous meses de antelación ao día sinalado para o comezo do curso, no Rexistro da Academia Galega de Seguridade Pública, ou en calquera outro dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. O procedemento tramitarao de oficio o servizo de formación da Academia Galega de Seguridade Pública competente na materia, que poderá requirir ademais da documentación presentada, toda aquela complementaria que considere necesaria.

5. Se se advirten deficiencias na documentación achegada, requirirase o solicitante para que as emende no prazo de dez días hábiles; en caso de non facelo, terase por desistido na súa petición e a solicitude será arquivada, logo de resolución do órgano competente.

6. O servizo de formación competente para instruír o procedemento emitirá un informe razoado sobre a solicitude presentada e elevarao á Dirección Xeral da Agasp que ditará resolución.

Se o informe é positivo, ditarase resolución concedendo a homologación, de xeito provisional, e continuará o procedemento.

7. No caso de que se produzan cambios, substitucións ou incidencias no desenvolvemento do curso, a entidade deberá comunicar a devandita circunstancia ao servizo de formación



competente na instrución do procedemento de forma inmediata para o seu coñecemento e constancia.

8. Durante o desenvolvemento do curso, o servizo de formación que instrúa o procedemento poderá realizar os controis e inspeccións que considere necesarios para verificar o cumprimento dos requisitos sinalados.


9. Unha vez finalizado o curso, a entidade deberá remitir á Academia Galega de Seguridade Pública a seguinte documentación:

- Os controis de asistencia debidamente acreditados.
- A avaliación final realizada.
- A listaxe definitiva dos/das alumnos/nas que superaron o curso.
- Diplomas debidamente cubertos.

10. Con toda a documentación presentada, e feitas todas as comprobacións necesarias, o órgano competente para instruír o procedemento emitirá informe definitivo, que elevará á Dirección Xeral da Agasp para a resolución do procedemento de homologación, logo de informe do servizo de formación que instrúe o procedemento.

11. A concesión da homologación acredítase mediante a rúbrica expedida no reverso dos diplomas.

CUARTA.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento.

 Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do Convenio establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións á que corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.





Nesta comisión actuarán como representantes por parte da AGASP, a persoa responsable da Secretaría Xeral e un Xefe ou Xefa de Servizo da mesma que designe o seu Director, ou persoas en quen deleguen; e por parte da CSI-F-Galicia o seu Presidente ou persoas en quen delegue.

Serán funcións desta Comisión de seguimento:

- 1.- Velar polo cumprimento do convenio.
- 2.- Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do presente convenio.
- 3.- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- 4.- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- 5.- En xeral, as que o artigo 6.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, lle atribúe o órgano de vixilancia e control.

QUINTA.- Orzamento.

A sinatura deste convenio non implica, por parte da AGASP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos do orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 e 2017.

SEXTA.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a AGASP.

SÉTIMA.- Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual.

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre a totalidade das creacións resultado deste convenio, son titularidade conxunta da AGASP e da CSI-F Galicia. Todo elo sen prexuízo aos que correspondan a outra Administración Pública por ser a concesionaria ou financiar a referida actividade e así se estableza na correspondente orde ou convocatoria de subvención.





As partes necesitan a autorización expresa da outra para proceder a edición, representación, gravación e reprodución audiovisual, informática, ou por calquera outro medio, formato o soporte, do resultado e dos materiais froito do desenvolvemento do proxecto.

OITAVA.- Publicidade

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da dita subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

NOVENA.- Modificación, Denuncia e Resolución do Convenio

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun pre aviso de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraiadas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

DÉCIMA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, pola lexislación en materia de contratos das administracións públicas polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto polas normas de dereito privado.





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



ACADEMIA
GALEGA
DE SEGURIDADE
PÚBLICA



De conformidade co establecido no artigo 8.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio de colaboración, serán de coñecemento e competencia da Orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

UNDÉCIMA.- Vixencia.

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por tódalas partes ata o 31 de decembro do 2017 prorrogándose de forma expresa por anualidades naturais, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo, ou do termo de cada unha das prórrogas. Este acordo de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose tódalas partes ao acordado en tódalas estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Pola Academia Galega de Seguridade Pública



D. Alfonso Rueda Valenzuela

Pola CSI-F Galicia,



D. José Francisco Méndez Castro.